

# 60 anos da Declaración Universal dos Dereitos Humanos

## Manifesto

### “**TODOS OS DEREITOS PARA TODAS AS PERSOAS: RENOVAR O COMPROMISO**”

Hai 60 anos, os Estados lembraron o seu de vida dentro dun concepto máis amplo poden liberarse do temor e da miseria gozar de todos os dereitos

Ao adoptaren a decembro de 1948, o conxunto dos culturais,

compromiso de “promover o progreso social e elevar o nivel da liberdade” e recoñeceron que “os seres humanos só se se crean condicións nas que todas as persoas poidan humanos”.

Declaración Universal dos Dereitos Humanos o 10 de os Estados comprometéronse a respectar e facer cumprir dereitos humanos, civís, económicos, políticos, sociais e proclamando así o dereito a un nivel de vida digno.

Todos os dereitos humanos son universais, indivisibles e interdependentes, e ningún ten prioridade sobre outro. Xa que logo, a comunidade internacional debe tratar o conxunto dos dereitos en forma global e de xeito xusto e equitativo, con igualdade e dándolles a todos o mesmo peso.

Para gozar plenamente do dereito á liberdade de expresión é preciso promover esforzos a prol do dereito á educación. Para gozar do dereito á vida é preciso reducir a mortalidade infantil, as epidemias e a malnutrición.

Porén, malia a promesa da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, só en 2007, 1.252 persoas foron executadas polo seu respectivo Estado en 24 países distintos, tamén se documentaron casos de tortura e malos tratos en máis de 81 países, e en 45 hai presos e presas de conciencia detidos. Ademais, 854 millóns de persoas padecen fame e 1.100 millóns de persoas non ven satisfeito o seu dereito a unha vivenda digna, das cales máis da metade son mulleres.

Sesenta anos despois, aínda está por cumprir a promesa duns dereitos humanos universais e indivisibles para todas as persoas, que permitan facer efectivo o dereito a un nivel de vida digno e o ideal do ser humano libre.

Por iso no 60 aniversario da Declaración Universal dos Dereitos Humanos esiximos a gobernos e entidades públicas e privadas que respecten os dereitos humanos e que se comprometan na defensa da súa universalidade, indivisibilidade e interdependencia, promulgadas na Declaración Universal dos Dereitos Humanos.

Nome  
Apelidos  
Entidade  
Sinatura

**AMNISTÍA**  
INTERNACIONAL

